

O MAL HUMOR

Imaxe dunha casa.

Música: “ *La vida es bella* ”

Narrador: (*disfrazado de nomo ou algo así*) Ola. Hoxe vou contarvos algo sobre o mal humor. Si ,xa sei o que estades pensando . Todos coñecemos alguén que continuamente está queixándose e con mala cara ,é verdade, pero non é só para esa xente, porque todos temos mal humor ás veces.

Narrador 2: Si, eu vouvos falar de Mónica. Mellor dito, ides vela vós, a ver que vos parece!!

Mónica: Ola mamá!

Nai: Ola filla. Que tal no colexio?

Mónica: mal, moi mal, non me gusta nada esta roupa! É fea, teño unha roupa horrorosa. As miñas amigas téñena máis bonita.

Nai: non sei de que te queixas! Sempre estás mercando roupa!

Mónica: pero se levo unha semana sen mercar nada... e ademais a que merco é barata. Non é de marca. As miñas amigas téñena mellor.

Nai: Bueno, a ver se podo mercarche algo a fin de mes.

Mónica: A fin de mes? A fin de mes non, mamá. (Chorando moi forte) mañá, senón non vou ao colexio.

Nai : Vale, pois a ver se mañá che podo mercar algo.!!

Mónica: mañá non, hoxe pola tarde.Algo?, Algo non, teño que mercar unha saia, unha camisa, uns tenis e un móbil novo.

Nai: pero se aínda mercaches un móbil novo o ano pasado!

Mónica: Xa pero é moi vello, non me gusta, non saca boas fotos...

Nai: pois a única solución e que non merque o abrigo para min. O que teño xa ten 20 anos e está moi vello pero non teño cartos para todo!

Mónica: Ben, por fin vou mercar un móbil novo!

(**Apagar as luces e iluminar só ó narrador**)

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe do patio do colexio

Narrador 3: Vaia panorama non? Dáme gana de chorar! Que gana de chorar ?vou empezar a chorar agora mesmo (chorando) ... Penso que ninguén quere unha Mónica na casa....

Narrador 4: Pois agora ides ver a Arturo.

Arturo: estúpido, imbécil, non sabes xogar! Non quero que vaias máis no meu equipo, zoquete!

Miguel: pero Arturo, non puiden parar a pelota! Viña moi forte!

Arturo: que forte? Non vales para nada! Para que te pos de porteiro se non sabes parar o balón?

Miguel: porque sempre me poñedes a min de porteiro, dicides que non valgo para outra cousa!,

Arturo: Pos mañá non penso deixarche xogar coa miña pelota. Pola túa culpa gañaron os de 6ºB, pola túa culpa e por non pasarme a pelota, ademais cometeron un montón de faltas.

Miguel: pos eu non teño a culpa de que me meteran un gol e de que non che pasaran a pelota.

Arturo: Ti cala a boca que non dis máis que parvadas! Xa verán despois á saída, voulles dar un balonazo que van ver as estrelas!

(**Apagar as luces**).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe da clase

Profe: que che pasa Arturo?

Arturo: nada, nada, que me doe a cabeza!

Profe: véxote moi despistado, veña fai esta ficha de matemáticas.

Arturo: Non quero, esta ficha é moi aburrida!

Profe: Pero que dis?

Arturo: Que é unha ficha aburrida, e estou moi canso e non a sei facer é...

Profe: a ver que cha explico logo...

Arturo: Non a entendo, dóeme a cabeza, estou canso, non me sae....

Profe: pero Arturo, se acabas de vir do recreo e alí xogaches sen parar.

Arturo: pero agora estou canso, teño migrañas, non quero escribir.

Profe: descansa logo un pouco. Escoitade: os que remataron poden ter tempo libre!

Arturo: poido xogar? Xa me pasou a cabeza!

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe dunha cociña

Narrador 4: Que vos parece? Non sei se haberá un pouco de conto non?

Si , pero non so imos falar dos cativos , tamén dos maiores temos que falar....mirade mirade

Luisa: A ver , hoxe temos que facer caldo para o menú da residencia. Tes que pelar as patacas.

Paca : Eu non, xa estiven lavando as nabizas. Que as pele Marta, que sempre lle mandas menos labores ca min.

Luisa: pero que dis? Marta estivo fregando os cacharros ata agora!

Paca: Si, ti sempre defendes a Marta, sempre me mandas a min máis traballo.

Luisa: Eu non che mando a ti máis traballo. Marta está fregando e ti tes que pelar as patacas.

Paca: Pois pélaas ti, eu non penso pelar as patacas. Sempre teño que traballar máis ca Marta. Se ela non as pela eu tampouco.

Marta: Que pasou?

Luisa: pasa que Paca cre que ti traballas menos ca ela e non quere pelar as patacas.

Marta: pois non pasa nada. Xa as pelo eu que rematei de fregar.

Paca: Si. Agora faille a pelota. Ti por quedar ben non sabes que facer!!

Marta: Paca, non te enfades, só intentaba axudar !

Paca: As dúas estades na miña contra. Estádesme maltratando , penso ir ao sindicato, queixarme ó director, á Xunta, a ... qué sei eu!

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe dunha rúa, sons de pitidos e de choque.

Narrador 4: Difícil convencer a Paca de que está equivocada non? pero vexamos que pasa noutro sitio.

Luis : (Conducindo un coche) .

Aparta petardo, lisca de aquí!

Andrés: pitando, ... paiaso, borde, non viches que saín eu?

Luis : Que me chamache? Queres que baixe do coche?

Andrés : Baixa se te atreves, ...pensas que che teño medo ? gordo, palurdo, patoso. Onde sacache o carne?

Luis: Conduzo mellor ca ti, baboso, borracho, vai durmir a mona...

Andrés: Tacaño, que ti non tomas máis ca auga, por non pagar....

Luis : Teño máis cartos ca ti, teño cartos para envolverte a ti enteiro...

Andrés: Si ben se ve a purrela de coche que tes ! unhas latas enriba das rodas!

Luis: Si pois ti moito presumir de coche e debes a cada can un peso!

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe dun patio do colexio

Narrador 5 : Uf, ímonos de aquí... vaia mal rolo . Calquera se atreve a saír á rúa con xente así!! Pero seguíde mirando....

Francisca; Non me gusta nada esta mestra, non ensina nada.

Lola: Pero muller, fai o que pode, non ves que ten moitos nenos!

Francisca: Si oh, o que ten e que non quere traballar...o meu fillo non sabe nada e antes tiñan 40 nenos na clase e aprendían todos.

Lola : Eran outros tempos. Agora os nenos non obedecen coma antes.

Francisca: Contos,contos, o que teñen son moitas vacacións, e pouco traballo, habían de vir traballar á terra e xa verían.

Lola : Cada traballo ten as súas... ben ves como están os nenos no verán!

Francisca: non me convences, o traballo é o traballo , os mestres non se mollan que están ben quentiños na clase, non si?

Lola: pois eu non lles cambio por nada.... Prefiro apañar patacas todo o día que aturalos....

Francisca: agora todo son desculpas ... que se teñen dislexia, que son autistas, moi movidos, .. eu nunca tal vin, nenos movidos houbos sempre e non pasaba nada!

Lola: porque antes os que non estudaban quedaban na casa e punto. Non se miraban os nenos como agora!

Francisca: nin falta facía mirar tanto. Antes cunha enciclopedia chegaba e agora mil libros e non saben nada!

Lola: si que saben muller, están máis preparados que antes, pero antes dicíanos algo a mestra e calabamos como afogados e agora todos a protestar! ben vías que antes se dabas as queixas do mestre na casa aínda che rifaban máis teus pais e agora todos van protestar ao colexio!

Francisca: moito defendes aos mestres, ven se ve que co teu fillo se portan ben!

Lola: Eu creo que se portan ben pero ao meu fillo tamén lle rifan!.. non te queixes tanto!!

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe dunha ambulancia e pitido de ambulancia

Narrador 6 : difícil non ? pero imos para outro sitio!

Jorge: A ver , quen lava a ambulancia que está moi porca?

Pedro : Eu non, xa a lavei o mes pasado!

Brais: pois eu mireille os frenos así que xa non me toca!

Jorge : Que mangantes, pero a ver, quen vai hoxe coa ambulancia que falta Roberto?

Pedro : Eu non, sempre me toca a min. Eu traballo máis ca Brais.

Brais : Eu xa o fixen onte. Agora tócalle a Pedro.

Pedro : eu non vou, eu non teño a culpa de que falte Roberto.

Brais : eu tampouco.

Jorge: pero Roberto falta porque ten a seu pai morrendo!

Pedro : eu non teño culpa, que manden a outro.

Brais : ou que quede o traballo sen facer!!

Jorge: pero será posible?

Pedro: eu fixen as miñas horas, se non che mandan máis xente non se vai e punto!!

Jorge : pero como non imos ir a unha emerxencia?

Brais : non é o noso problema!!

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe dunha aula

Narrador 7 : Home, non sei como remataría iso, agardemos que non estivera ninguén enfermo senón... pero volvemos ao colexio.

Sonia: María, ves comigo ao cine?

María: vale, vou.

Sonia : que ben!

Sonia: María, posme no teu wassap?

María : claro, xa te teño.

Sonia : María, axúdame con estes deberes?

María : Si, cando queiras, hoxe pola tarde?

Sonia: Que boa amiga es!

María: oe Sonia, poñemos no grupo de wassap a Mónica?

Sonia: non, non me apetece nada, é unha tonta!

María: por qué dis iso? Sempre se porta ben con nos!

Sonia: non quero, xa vexo que a prefires a ela ca min!.

María : non muller, quérovos as dúas! Non te enfades!

Sonia: xa vexo xa, vaite con ela. Así non quero ser a túa amiga!

María: Non digas iso Sonia, eu sempre intento portarme ben contigo!

Sonia: que cara, vaia amiga es, queres poñer a Mónica no grupo, iso non é de boas amigas, nunca fas caso ó que che digo!

María : será posible! Se intento sempre agradarche!

Sonia: diso nada, nunca me cumpres un gusto, non es unha boa amiga...

(Apagar as luces).

Música: “ *La vida es bella* ”

Imaxe

Narrador: Vou chorar, vou chorar, non pode ser tanta cara, non pode ser tan mal xenio, non pode ser tantos caprichos, non pode ser...

Narrador:: Estasme toleando oh! Veña queixarse, veña queixarse sen facer nada! Imos buscarlle unha solución...Xa sei , imos falar coa fada da empatía a ver se ela pode facer algo!.

Narrador : Veña, imos buscala. (ponse o escenario todo escuro e empezar a berrar...)

Narrador : Fada Empatía, fada Empatía...

Empatía: eh, parade de berrar!. Que queredes, oh? Estaba durmindo.... É algo tan grave?

Narrador : Siiii, moi grave... no noso mundo vemos cousas moi malas, xente que se enfada seguido, que só mira o seu embigo ...

Empatía: e eu que podo facer?

Narrador: home, pois se lle das un pouco de empatía coa túa variña máxica, algo aprenderán.

Empatía: sen problema, eu vou darlles algo de empatía para que cambien un pouco

(Vese a Empatía tocando a todos os que están durmindo mentres se escoita unha música, ao pasar vai aparecendo a fada da alegría.

MÓNICA: Non sei que pasou esta noite! Síntome mellor! Soñei que non era tan caprichosa e egoísta cos meus pais. Xa non teño gañas de mercar roupa. E máis, sóbrame a metade!.

PACA: Pois eu tamén tiven un sono! Que alguén me dicía que interpreto mal o mundo, que non me tratan peor que aos demais.. e deben ter razón. Desde logo así o sinto agora mesmo.

ARTURO: Que dices? Houbo lúa chea ou estamos toleando? E que eu erguinme con moitas gañas de darlle unha aperta á miña profe polas dores de cabeza que lle dou, e tamén a Miguel, mira que dicirlle que non podía xogar

máis! Estaba toleando co fútbol!

ANDRES: Está claro que houbo lúa chea ! Que lúa chea! Unha eclipse total porque eu sinto gañas de darlle unha aperta a Luís, e onte estiven a darlle unha malleira!!

LUIS: Pois ven aquí compañeiro, que xa está todo esquecido! Eu onte se te collía tamén ías levalas!

FRANCISCA: Sabedes que me pasa a min? Que non me atrevo a ir ó colexio ! Falei tan mal da mestra que non quero mirarlle a cara! Pobre, aínda o outro día me chamou falando do meu fillo para dicirme que estaba mellorando, e que o quería moito... non teño perdón!.

BRAIS: Perdón non teño eu ! Mira que non querer facer o traballo de Roberto cando morreu o seu pai!! El que sempre estivo comigo cando enfermou a miña filla! Non teño perdón de Deus.

Pedro : O mesmo ca min, non sei que dicir! Dáme vergoña mirarlle á cara. Non vai volver a acontecer!

SONIA: Pois eu si que non sei que dicir! Que mal me portei con María, estaba moi celosa e pagueino con ela! Que tonta fun ! se está Mónica no wassap mellor! paseime 20 pobos!

Narrador: parece ser que a Empatía fixo o seu traballo e apareceu a fada da alegría. A partir diso todos cambiaron, pararon de estar de mal humor seguido, de poñer malas caras e ides ver que baile máis bonito practicaron.!!

M^a Carmen Ogaza Rojas